



2. A contía da aportación familiar ó custo do servizo, virá determinada polo importe total dos ingresos familiares e do número de horas da prestación do SAF, de conformidade co establecido no Regulamento do Servizo.

#### *ARTIGO 4º.-PROCEDIMENTO DE COBRO.*

1.—A obriga do pago nace dende a data de alta efectiva do usuario como beneficiario do servizo municipal de axuda no fogar.

2.—O pago realizarase por meses vencidos, dentro dos 10 primeiros días naturais do mes seguinte.

#### *DISPOSICIÓN FINAL.*

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integralmente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS ESPECIAIS.**

#### *ARTIGO PRIMEIRO: CONCEPTO*

De acordo co disposto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o Prezo Público pola prestación de servizos culturais especiais, que se rexerá polo que dispón esta Ordenanza.

#### *ARTIGO SEGUNDO : SUXEITOS OBRIGADOS Ó PAGO*

Son suxeitos obrigados ó pago as persoas físicas ou xurídicas que se beneficien dos servizos ou actividades prestadas ou realizadas por este Concello.

#### *ARTIGO TERCEIRO: FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito imponible:

- A) A asistencia a espectáculos no Auditorio do Centro Cultural (teatro, cine, danza, música etc...)
- B) Calquera outras actividades culturais especiais que esixan unha prestación de servizos culturais e para as que non se estipule gratuidade

#### *ARTIGO CUARTO: CONTÍAS DAS ACTIVIDADES GRAVADAS*

Establécense as seguintes tarifas:

- a) Entrada de adultos ..... 3,20 €
- b) Entrada infantil ..... 1,60 €
- c) Entrada xubilados ..... 1,60 €
- d) Entrada estudantes ..... 1,60 €

Excepcionalmente, cando existan Convenios con outras entidades (IGAEM.....), a fixación das tarifas realizarase por acordo da Xunta de Goberno Local, previa realización dos trámites oportunos.

#### *ARTIGO QUINTO: DEVENGO*

Devéngase o prezo público e nace a obriga de contribuír cando se comeza a prestación do servizo.



### ARTIGO SEXTO: DECLARACIÓN E INGRESO

Os suxeitos pasivos que se propoñan asistir a espectáculos públicos ou as actividades que motiven a prestación dos servizos regulamentarios nesta ordenanza deberán aboa-la entrada ou ingresa-la cota que corresponda nos prazos estipulados en cada caso.

A renuncia á participación, unha vez iniciada a prestación do servizo, non dará lugar a devolución ningunha.

### DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integralmente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIO DE PRAZA DE ABASTOS E MERCADO.

#### ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e de conformidade co dispuesto nos artigos 15 a 19 da citada Lei, acorda a imposición e ordenación da Taxa polo servicio de praza de abastos e mercado.

#### ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Ven constituído polas seguintes utilizacións de postos:

- a) Postos fixos no interior da praza de abastos.
- b) Postos fixos no exterior da praza de abastos.
- c) Postos fixos nos terreos do mercado.
- d) Postos eventuais nos terreos do mercado.
- e) Utilización das cámaras frigoríficas.

#### ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades que se detallan na tarifa da taxa.

#### ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

##### TARIFAS

CONCEPTO	IMPORTE €
<b>Postos fixos no interior da Praza de Abastos</b>	
Por cada posto de canicería ou conxelados (trimestral)	244,45
Por cada posto de peixe fresco ou de bancada dobre (trimestral)	75,15
Por cada posto de froitas, alimentación, e bar (trimestral)	150,90
Por cada posto de venda de porco salgado (trimestral)	75,15
Por cada posto de venda de peixe de bancada sinxelo (trimestral)	37,50
Por cada posto de venda de hortalizas (dia)	1,25